



FUNDACIÓN  
INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

# Teño unha patente... ¿e agora que?

Valorización de proxectos de innovación

**Obxectivos:** ofrecer unha aproximación aos puntos claves para o desenvolvemento e valorización de proxectos de transferencia e innovación, atendendo ás necesidades clave do mercado (desenvolvemento tecnolóxico, roadmap regulatorio...)

**Para quen:** aberto á comunidade IDIS

**Cando:** 8 de febreiro de 2023, 13:30 – 14:30

**Onde:** Anfiteatro IDIS

Prazas limitadas por orde **inscrición** (obrigatoria)

Pódeste inscribir en: <https://www.idisantiago.es/event/teno-unha-patente-e-agora-que-valorizacion-de-proxectos-de-innovacion/>

## Relatoras

**Dra. Soledad Aguiano** Doutora en Farmacia pola USC. Con máis de 10 anos de experiencia como Responsable de Rexistros e Asuntos Regulamentarios en industria farmacéutica e de produtos sanitarios. Investigadora asociada en varios proxectos de investigación, con resultados publicados en revistas científicas, congresos e reunións científicas. Algunhas das tecnoloxías desenvolvidas foron patentadas e licenciadas á industria farmacéutica. Actualmente Técnica Superior de Investigación na área de Valorización, Transferencia e Emprendemento da USC.

**Dra. Susana Torrente.** Doutora en Química Orgánica, Registered Technology Transfer Professional e parcialmente cualificada para exercer como axente europeo de patentes (European Qualifying Examination).

Iniciou a súa formación en materia de propiedade industrial e intelectual no 2001 e nun primeiro momento a puxo en práctica na industria químico-farmacéutica (Gadea Pharmaceutical Group, Valladolid). Dende 2007, é Técnica Superior de Xestión na Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento da Universidade de Santiago de Compostela. A súa labor comprende a protección, valorización e transferencia das invencións químicas, farmacéuticas e nanotecnolóxicas da USC.